



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Mércores, 27 de novembro de 2019, ás 09:00 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** Dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
 - Dª Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - Dª. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - Dª Mª Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
 - D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:

Orde do día

1.- 2019/CONTRAT/000129 – CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLERÍA (2020-2021)

Acto non público de:

- Reinicio da sesión iniciada o 26 de novembro de 2019
- Remate do acto de apertura dos sobres nº 1
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos)





1.- 2019/CONTRAT/000129 – CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE OLERÍA (2020-2021)

A Mesa de Contratación iniciada onte, día 26 de novembro de 2019, tivo que ser suspendida unha vez que se estaban abrindo os sobres nº 1 presentados a esta licitación dado que a licitadora “RÚA PUMAR MÉNDEZ, 6 CAMBRE 15660” (a efectos da súa maior identificación, figura como apoderada D^a Laura Delgado Lodeiro) presentou a documentación nun formato “.csig” que non se pode abrir polos servizos administrativos da Mesa de Contratación.

En consecuencia, a Mesa decidiu remitir os arquivos ao departamento municipal de Informática para a súa análise e acordou a súa suspensión ata que por este departamento se comunique se é posible ou non a apertura da documentación presentada.

Así, reiniciase a Mesa hoxe, 27 de novembro, ás 9:00 horas, co remate do acto de apertura dos sobres nº 1 e, se procede, co acto de apertura dos sobres nº 2 denominados “Proposta suxeita a avaliación previa.”

Ao respecto da documentación presentada por “RÚA PUMAR MÉNDEZ, 6 CAMBRE 15660”, o propio 26 de novembro de 2019, ás 14.30 horas, o Departamento de Informática do Concello de Oleiros comunica á Área de Contratación que resulta imposible abrir a documentación presentada por este licitador, dado que os arquivos “.csig” son sinaturas dixitais que non veñen vinculadas a un documento con contido. É por iso que o que se achega na oferta presentada non é documentación administrativa ou unha oferta, senón simplemente sinaturas sen un arquivo con contido.

Indica tamén o Departamento de Informática que existen algunhas ferramentas de sinatura que, no caso de firmar documentos en certos formatos (por exemplo, .doc) actúan xerando dous arquivos separados, un coa sinatura e outro co contido. Polo que se se anexa o arquivo da sinatura sen o documento, a presentación carece de contido.

En vista da situación, a Mesa de contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Excluir da licitación a “RÚA PUMAR MÉNDEZ, 6 CAMBRE 15660” -53.161.556-T- (a efectos da súa maior identificación, figura como apoderada D^a LAURA DELGADO LODEIRO), por non ser posible a apertura dos arquivos presentados pola licitadora a través da Plataforma de Contratación do Estado, ao atoparse baleira de contido.

SEGUNDO.- Admitir provisionalmente á licitación a don ANTONIO MANUEL ROMÁN VÁZQUEZ (34.901.548-Z), concedéndolle un prazo de tres días hábiles para que proceda a presentar o DEUC do subcontratista TERRALUME (Susana Emilia González Amado, 32.769.809-F) a través do sobre electrónico que se habilitará para tal fin na Plataforma de Contratación do Estado.

TERCEIRO.- Admitir á licitación a don APARICIO AÑÓN CAAMAÑO (76.313.512-H)

De seguido, procédese, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 presentado polos licitadores





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

admitidos denominado "Proposta suxeita a avaliación previa"

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo XIII PCAP, e que consiste nun proxecto educativo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- A expensas de que o licitador admitido provisionalmente emende os defectos atopados na súa documentación, remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación, dona María José Varela Neira.

